



Asunto: Resolución pola que se nomea ao tribunal de selección do proceso selectivo do posto de Subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Por resolución do 24 de setembro de 2024, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural convocou o proceso de selección para a cobertura mediante un contrato de alta dirección do posto de Subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O apartado noveno da dita resolución dispón que o tribunal de selección do proceso selectivo será nomeado mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e se constituirá unha vez publicada na web da Axencia a relación definitiva de aspirantes. Así mesmo establece que o tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Tendo en conta o anterior RESOLVO:

Nomear como membros do tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura do posto de Subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento rural ás seguintes persoas:

Titulares:

- Presidente: Bruno Fernández González
- Secretaria: Consuelo Carballo Pérez
- Vogal: Digna Irene López Campos

Suplentes:

- Presidente: Javier Ferrer Lojo
- Secretaria: María Diéguez Gómez
- Vogal: Carlos Díaz Redondo

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.
A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
M^a Paz Rodríguez Rivera

